

ANUNCIO

O Alcalde o día 11/06/2026, ditou a seguinte Resolución con número 357/2026:

“RESOLUCIÓN

EXPEDIENTE: LISTAXE DEFINITIVA DE ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS PARA A PROVISIÓN DE 3 PRAZAS DE XEFE DE BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRAINCEDIOS FORESTAIS

EXPEDIENTE: 2026/E001/000007

ANTECEDENTES:

Logo de ver as Bases da convocatoria para a provisión con carácter laboral temporal por concurso-oposición de un máximo de 3 prazas de xefe da brigada de prevención e defensa contraincendios forestais para o Concello de Melide modalidade de contrato de duración determinada, aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/05/2026.

Logo de ver a certificación de data 08/06/2026 da encargada do Rexistro Xeral de Entradas e Saídas do Concello de Melide, na que se fai constar as instancias presentadas dentro do prazo, en relación ao proceso de selección de 3 prazas de xefe de brigada de prevención e defensa contraincendios forestais para o Concello de Melide.

Logo de ver o informe da técnica de Administración Xeral de data 09/06/2026 e asunto: “Informe listaxe provisional admitidos/as e excluídos/as proceso selección con carácter laboral temporal por concurso-oposición de 3 prazas de xefe de brigada de prevención e defensa contraincendios forestais para o Concello de Melide. **EXPEDIENTE:** 2026/E001/000007”

Logo de ver a base: “4 ADMISIÓN DE CANDIDATOS

A listaxe provisional de candidatos/as admitidos/as e excluídos/as aprobarase por Resolución da Alcaldía e publicarase no taboleiro de anuncios do Concello no prazo mínimo de 2 días hábiles. Os/as aspirantes disporán dun prazo de 5 días naturais para a corrección.

No prazo de corrección non se poden alegar méritos non alegados coa solicitude inicial, nin aboar a taxa. **No suposto de non existir aspirantes excluídos/as prescindirase deste trámite (...)**”

En virtude das facultades que me outorga a lexislación aplicable, **RESOLVO:**

PRIMEIRO: aprobar a seguinte listaxe definitiva de admitidos para as probas que darán lugar a devandita contratación.

ADMITIDOS:

	NOME	DNI/OUTROS
1	ADRIÁN P. C.	***9492**
2	DAVID I. S.	***5608**
3	MATEO G. C.	***7942**

4	SANTIAGO D. V.	***9136**
---	----------------	-----------

EXCLUÍDOS: NINGUÉN

SEGUNDO: logo de ver o informe de Secretaría e Intervención con referencia: 8, do 02.03.2022 de asunto: contratacións laborais temporais, modificacións de contratos e xestión de persoal, e en concreto o seu apartado 3 refírese á regulación do Tribunal ou Comisión Seleccionadora; estará composta polos seguintes membros:

- PRESIDENTE/A:

Titular: Miguel Codesido Gómez (xefe brigada, Consellería Medio Rural)

Suplente: Xosé Manuel Tomé Fernández (axente facultativo medio ambiental da Xunta de Galicia)

- SECRETARIO/A:

Titular: Jesús Manuel Cea Vázquez (administrativo, Concello de Melide)

Suplente: M^a del Mar Guardo Bande (administrativo, Concello de Melide).

- VOGAIS:

- Titular: Marta M^a Castro Tato (AEDL do Concello de Melide)

Suplente: María Jesús Sande (directora escola infantil do Concello de Melide)

- Titular: M^a José Ferro Gómez (técnica de orientación laboral do Concello de Melide)

Suplente: María de la Cruz Mosquera Sánchez (administrativa do Concello de Melide)

- Titular: Sylvia Cea Vázquez (profesora lingua galega IES Ramón M^a Aller Ulloa de Lalín).

Suplente: José Benito Novo López (técnico de normalización do Concello de Lugo)

Convócase en chamamento único á Comisión Seleccionadora e aos aspirantes para o **martes 16 de xuño de 2026 ás 12:00 horas na casa do Concello de Melide.**

TERCEIRO: publicar o presente acordo no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Melide.

Ordeno e asino en Melide, xoves 11 de xuño de 2026. Asdo: O alcalde / José Manuel Pérez Penas. Do que o secretario acctal. da fe. Asdo: o secretario acctal. / Jesús Manuel Cea Vázquez.”

O que se publica para xeral coñecemento

Melide, xoves 11 de xuño de 2026.

Asdo: O secretario acctal. / Jesús Manuel Cea Vázquez.



Praza do Convento, 5 -15800 MELIDE (A Coruña)
Tfno: 981505003 – Fax: 981506203
www.concellodemelide.gal

CVD: ABQVVJrIVFoSCLZUhcIU Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. <https://sede.concellodemelide.gal/>